



# ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2024-2025

## 1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do texto do Acordo entre esta consellería e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-25.



## 2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º Educación Infantil (3 anos)	20
5º Educación Infantil (4 anos)	13
6º Educación Infantil (5 anos)	0
EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º Educación primaria	2
2º Educación primaria	5
3º Educación primaria	3
4º Educación primaria	7
5º Educación primaria	1
6º educación primaria	0

## 3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN AO CENTRO

A área de influencia do CEIP PLURILINGÜE DE TIRÁN, co obxecto de aplicar a puntuación por proximidade de domicilio ou proximidade de traballo, son as seguintes rúas e lugares: Vilela, Camping Tirán, Albariños, O Igrexario, Fontes, A Pandiña, Casal de arriba, Camiño de Tirán, Daniel Castelao e próximas, José Costa Alonso, O Con, Club de Remo, Fragatas.

Aos efectos de continuidade dos estudos da ESO (educación secundaria obrigatoria) o CEIP Plurilingüe de Tirán está adscrito ao **IES Plurilingüe Paralaia**.

## 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de admisión debe ser cuberta na aplicación **admisionalumnado** ou na sede electrónica co procedemento **ED550B**, tamén poden recollerse os impresos na secretaría do centro.

- **Do 1 ao 20 de marzo do 2024.** Se se realiza de xeito presencial, deberá entregarse no centro en horario de secretaría, debendo traer **orixinal e fotocopia do libro de familia** onde estea inscrito dita alumna ou alumno.



- **Do 21 de marzo ao 11 de abril do 2024.** Neste prazo entregárase a documentación xustificativa dos méritos alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado no caso de que a demanda de prazas fose superior á ofertada polo centro. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación terá carácter voluntario e están recollidos nos artigos desde o 13 ata o 23 da Orde do 21 de outubro de 2022.

A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

## **5. PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DO ALUMNADO ADMITIDO.**

- **22 de marzo:** publicación da listaxe do alumnado admitido no caso da non necesidade de baremación.
- **25 de abril:** publicación da resolución provisional da baremación do alumnado admitido e non admitido. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación dante o Consello Escolar do centro no prazo de cinco días hábiles (art. 35).
- **15 de maio:** publicación da listaxe definitiva do alumnado admitido e excluído. Contra esta relación definitiva os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (art. 36).

## **6. PLAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA**

► **Do 20 ao 30 de xuño.** O alumnado admitido no centro formalizará a súa inscrición na Secretaría. Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida (art. 41).

## **7. OBSERVACIÓNS IMPORTANTES**

- A solicitude (ED550B) presentárase preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros



establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- A solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- Poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento de admisión ordinario:
  - a) Indicar datos na solicitude que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
  - b) Achegar documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
  - c) Presentar solicitude de admisión sen renunciar expresamente á anterior ou anteriores.
  - d) Presentar solicitude de admisión sen ter renunciado expresamente á praza reservada en día 28 de febreiro (este incluído).

A dirección dos centros públicos remitirá, de xeito inmediato, estas solicitudes á xefatura territorial (art. 8).

A DIRECCIÓN